

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de febreiro de 2012

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día vinte e un de febreiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(209).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(210).- PRÓRROGA DA ACTIVIDADE DE NATACIÓN NAS PISCINAS MUNICIPAIS PARA PERSOAS MAIORES.

Dáse conta do informe-proposta da técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 21.02.12, conformado polo xefe e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

Dende hai anos a Concellería de Política de Benestar desenvolve a actividade de natación nas piscinas municipais para as persoas maiores, empadroadas na cidade, con 65 anos ou máis e que conten con autonomía para desenvolver a devandita actividade que se xustificará cun informe médico no que se faga constar que a persoa está apta para a súa realización.

A actividade tiña lugar nas piscinas de Travesas, Teis e Lavadores, dous días a semana cunha duración de trinta minutos cada día e un custo de doce euros ao trimestre.

Dado que este programa se leva a cabo coa colaboración da concellería de Deporte, no mes de xaneiro de cada ano, mediante escrito ao Instituto Municipal dos Deportes solicitábanse as instalacións para o desenvolvemento dos grupos de natación para as persoas maiores, esta autorización era efectiva ata o mes de xuño.

No mes de setembro solicitábanse de novo as instalacións ata o mes de decembro, sendo a última solicitude de instalacións ao IMD realizada por este departamento a de setembro de 2011 cuxa validez era do 15 de setembro ata o 15 de decembro de 2011.

Este programa non ten ningún tipo de aprobación polos órganos de goberno municipal, nin se fixeron convocatorias públicas que garantisen a igualdade de oportunidades e a concurrencia competitiva para o acceso a estes programas.

Este programas iniciáronse na área de Benestar Social coa xustificación da prevención de dependencia en persoas maiores.

Pois ben a “Ley 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de la Autonomía Personal y atención a las personas en situación de dependencia” no art. 15 catálogo de servicios, establece os servizos sociais a prestar para a promoción da autonomía persoal e a atención a dependencia.

En ningún caso se establece o servizo de ximnasia e piscina como servizos de promoción da autonomía persoal.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociales de Galicia, no artigo 1 obxecto da Lei pto. 2 di “Mediante la presente ley los poderes públicos gallegos garantizan como derecho reconocible y exigible al derecho de las personas a los servicios sociales que les correspondan en función de la valoración objetiva de sus necesidades, a fin de posibilitar que su libertad e igualdad sean reales y efectivas, removiendo los obstáculos que impiden y dificultan su plenitud y facilitando la participación de todas y todos en la vida política, económica, cultural y social”.

En ningún punto da lei se mencionan as actividades deportivas dentro dos servizos sociais, nin como prevención da dependencia.

O mapa galego de equipamentos e servizos sociais adica unha parte esencial as persoas maiores dada a importancia demográfica que este seguimento de poboación ten no total da pobo-

ación galega. Pois ben tampouco o maga galego de equipamentos en servizos sociais menciona as actividades de ximnasia e piscina, como actividades de servizos sociais.

Non obstante, todo o anterior, tendo coñecemento na actualidade de que a actividade de piscina se continua a realizar a pesar de non ter solicitadas as instalacións pola Concellería de Política de Benestar ao IMD, e en previsión de calquera incidencia que poida xurdir.

Por todo o exposto con anterioridade, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.- Prorrogar a actividade de natación nas piscinas municipais das Travesas, Teis e Lavadores dende o 1 de xaneiro de 2012 ata a nova convocatoria de bases pendente de aprobar pola XGL. Dita prórroga é exclusivamente para as persoas que xa estaban no programa e rexerese polos mesmos criterios que se viñan aplicando.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e seis minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Isaura Abelairas Rodríguez